



Coa actividade de Recollida de Saberes Tradicionais, como o propio nome indica, A.VV. Breamo e Asociación Euroeume, pretendemos recoller saberes e facer memoria e reminiscencia persoal e grupal.

Con estes espazos de encontro en comunidade, queremos incentivar a participación social nun contexto próximo ás persoas, fomentar o empoderamento das mesmas e do medio rural e favorecer a vida nas aldeas. Co obxecto principal da recuperación de saberes a través das súas vivencias e historia oral incentivada mediante elementos diversos, e, a estimulación cognitiva con ese traballo de reminiscencia, transversalmente, tamén pretendemos achegar recursos e espazos para os propios encontros e contra o illamento e soidade que se da en moitos casos.

O espazo físico e simbólico da propia asociación veciñal e a súa historia e significado, é o contexto perfecto para levar a cabo esta actividade.

A través da utilización de diferentes elementos e cunha metodoloxía inclusiva, activa e participativa, xuntámonos para recordar como era antes a vida, posibilitar aprendizaxes e poder transmitirlos ás novas xeracións propiciando un contacto e valor interxeracional. Con estas xuntanzas, tempo e espazos compartidos, xeramos dinámicas participativas activas nas que rebuscamos información guiada en grupo apoiándonos en elementos como fotografías antigas, vídeos, libros, música e cancións, comidas, plantas, documentos e outros elementos simbólicos que sirvan como ferramentas para incentivar a memoria partindo dos intereses das e dos participantes e das súas voces, vivencias, miradas, sentimentos, diálogos e escoita grupal para chegar ao fin principal de xuntarnos e poñer en valor a nosa historia a través das persoas que houbo e hai nela, e, que as que haberá continúen a coidala sabendo da súa riqueza.

Xerando estes espazos de encontro, que, para moitas persoas son fundamentais neste contexto e lugar para incentivar as relacións sociais, facemos que elas e eles sexan as/os protagonistas, o centro e dende onde todo parta.

Tamén buscamos promover o valor por si mesmas, que se admiren como os tesouros que son. Sementes do que somos e fontes de aprendizaxe das e dos que desfrutar e poder extraer, aprender, entender, gardar e transmitir “o noso” e o sentimento colectivo de saber a riqueza de ser o que somos, de onde somos e ao rural ao que pertencemos.

A través das súas diferentes olladas e vivencias, sentimos a historia de modos diversos e damos sentido ao presente.

Transversalmente traballamos para que non se esqueza a importancia de xuntarse, a través dun café, dunha mesa, dunha andaina... de calquera elemento que permita recordar de onde vimos para saber o que somos hoxe en colectivo, en contraposición á sociedade actual individualizada e esquecida dese vivir colectivo interdependente e necesario para desenvolvernos persoalmente e en sociedade.

Traballáronse e tratáronse cuestións e temáticas diversas como: tradicións e festividades populares e os seus elementos, mitos, ditos, refráns, cantigas, infancia e xogos, receitas, etnomedicina, espazos e lugares, acontecementos históricos, tradicións nas diferentes estacións, etc.

Co tratado estase a facer un traballo profundo de recopilación destes elementos para crear unha composición e elaborar a montaxe dunha exposición fotográfica e audiovisual, e, dar continuidade ás xuntanzas ao mesmo tempo que se materializan as aprendizaxes e se fai un labor de transmisión das mesmas.